

Visto o informe proposta da xefatura de sección de Benestar Social de data 03/08/2020, que literamente di:

“Dende a Concellería de Benerstar Social convocáronse as becas de comedor escolar e de axudas á escolarización para o curso 2020-2021 coa finalidade de garantir a igualdade de oportunidades dos menores a cargo de familias con escaseza de recursos económicos.

As bases correspondentes foron aprobadas polo Pleno da Corporación o pasado 28/05/2020.

Ditas bases publicáronse no BOP e no taboleiro de Edictos do Concello o día 08/06/2020.

Con data 16/06/2020 publícanse as convocatorias no BOP n.º 88, abríndose un prazo de 15 días hábiles para a presentación de solicitudes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria (BDNS 510166 e 510171), rematando o prazo o día 08/07/2020.

Unha vez revisada a documentación que acompaña ás solicitudes presentadas, pónse á concelleira delegada de Benestar Social, que acorde o seguinte:

- 1.- Aprobar as listaxes provisionais de solicitantes admitidos/as e excluídos/as para as becas de comedor escolar e axudas á escolarización para o curso 2020/2021, que se inclúen na taboa que se xunta.
- 2.- Publicar as mesmas no taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello.
- 3.- Abrir un prazo de subsanación de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación das listaxes provisionais.”

**Decreto.-** Aprobo a proposta anterior nos seus propios termos, na casa do Concello de Ferrol a día

A Concelleira de Benestar Social

Diante miña, O Secretario Xeral